

**MEMORIA XUSTIFICATIVA DA ESTRUCTURA DE COSTES E DA REVISIÓN DE PREZOS
PARA A CONCESIÓN DO SERVIZO PÚBLICO CONSISTENTE NA RECOLLIDA,
TRANSPORTE E ELIMINACIÓN DOS CADÁVERES DE ANIMAIS MORTOS NAS
EXPLOTACIÓNS GANDEIRAS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA**

ÍNDICE:

- 1.- INTRODUCCIÓN.
- 2.- PROPOSTA DE ESTRUCTURA DE CUSTOS.
- 3.- PROPOSTA DE FÓRMULA DE REVISIÓN DE PREZOS.





1.- INTRODUCCIÓN.

A presente memoria constitúe a xustificación da estrutura de custos e da fórmula de revisión de prezos propostas para a tramitación do expediente de contratación da concesión do servizo público consistente na recollida, transporte e eliminación dos cadáveres de animais mortos nas explotacións gandeiras da Comunidade Autónoma de Galicia.

Os cadáveres dos animais mortos nas explotacións gandeiras supoñen un risco para a sanidade animal e, en consecuencia, para a saúde pública. Poden ser un foco de posibles enfermidades animais ou humanas e tamén introducir elementos indesexables (por exemplo priones das EEB) na cadea alimentaria se non se garante que os seus tecidos non son empregados como materias primas para pensos destinados a animais de produción de alimentos.

O art. 4 do Regulamento (CE) nº 1069/2009, do Parlamento Europeo e do Consello, do 21 de outubro de 2009, polo que se establecen as normas sanitarias aplicables aos subprodutos animais e os produtos derivados non destinados ao consumo humano e polo que se derroga o Regulamento (CE) nº 1774/2002 (Regulamento sobre subprodutos animais), en relación aos cadáveres de animais de produción, obriga a todos os operadores a que en canto xeren un *Sandach* (subprodutos animais non destinados ao consumo humano) nos seus establecementos, o categoricen e aseguren que será xestionado (almacenado, transportado e eliminado) conforme ao disposto nel.

Significa isto que todos os gandeiros de Galicia son responsables da correcta xestión dos animais mortos nas súas explotacións, *Sandach* de categoría 1 ou 2. Conforme ao disposto nos arts. 7 e 37 da Lei 8/2003, do 24 de abril, de Sanidade Animal, deben proceder á eliminación ou destrución dos cadáveres de animais e demais produtos de orixe animal, que teñan baixo a súa responsabilidade, na forma e condicións establecidas na normativa aplicable en cada caso, podendo incorrer en infraccións graves se así non o fixeren.

Polo Decreto 43/2004, do 26 de febreiro, declarouse servizo público de titularidade autonómica a recollida, transporte, eliminación e destrución dos animais mortos nas explotacións gandeiras.

A declaración de servizo público de titularidade autonómica xustifícase na necesidade de garantir que tódalas explotacións gandeiras da nosa Comunidade Autónoma, con independencia da súa localización, dimensións e características, dispoñan dun servizo universal que garanta a todas elas, tanto a mesma existencia do servizo, como a prestación en condicións homoxéneas.

O servizo público comprende as actividades ou operacións de recollida, transporte, eliminación, transformación e manipulación ou almacenamento intermedios, dos corpos dos animais pertencentes ás especies bovina, ovina, cabrúa, porcina, equina, avícola e cunícola, garantindo que





estes subprodutos animais teñan o destino establecido no Regulamento (CE) nº 1069/2009, do Parlamento Europeo e do Consello, do 21 de outubro de 2009.

Segundo o Decreto 43/2004, do 26 de febreiro, o servizo poderá ser xestionado directamente pola Administración ou ben indirectamente mediante a súa contratación en calquera das modalidades previstas na lexislación de contratos do sector público. Neste último caso a contratación deberá realizarse por concurso público.

Tal e como se recolle no Estudo de viabilidade económica para a concesión administrativa do servizo de recollida, transporte e destrución de cadáveres de animais mortos en explotacións gandeiras de Galicia, tendo en conta as restricións e a complexidade técnica que supón para un gandeiro individual garantir a loxística e o tratamento final destes residuos baixo os estritos controis de rastrexabilidade requiridos, a articulación dun servizo centralizado de recollida e destrución resulta esencial.

A implementación deste sistema mediante unha concesión administrativa facilita o cumprimento das obrigas legais dos gandeiros, evitando a omisión de infraccións graves, e tamén constitúe a única garantía efectiva para a Administración de que todos os cadáveres xerados en Galicia elimínanse sen risco para a sanidade animal, a saúde pública e o medio ambiente.

Así mesmo, a Administración carece dos recursos propios especializados e da infraestrutura (frota de vehículos especializados e homologados para o transporte de *Sandach*; instalacións industriais complexas de tratamento e eliminación dos residuos; sistemas tecnolóxicos para a xestión da loxística e trazabilidade, etc.), que resultan necesarios para a prestación directa do servizo.

A selección do modelo de concesión de servizos implica que se trasladará ao concesionario o risco operacional (art. 15 da LCSP), de xeito que este asumirá a incertidumbre tanto na demanda do servizo -que queda suxeita a variabilidade propia da mortandade natural da cabana gandeira- como tamén na oferta, ao depender esta das continxencias derivadas da súa explotación. Esta transferencia de riscos suporá para o concesionario unha exposición real á incertidumbre do mercado, non quedando asegurado que vaia a recuperar a inversión nin os custos realizados como consecuencia da explotación do servizo.

O servizo público, que será executado polo contratista en réxime de concesión, terá carácter integral e este procederá a súa realización segundo as especificacións establecidas nos pregos, percibindo do usuario as tarifas máximas establecidas no contrato, comprendendo o conxunto de operacións de recollida, transporte, transformación, manipulación e almacenamento intermedio dos cadáveres dos animais mortos nas explotacións gandeiras en todo o territorio da Comunidade Autónoma de





Galicia, pertencentes ás especies indicadas anteriormente, garantindo a súa eliminación conforme a normativa vixente.

A Administración, pola súa parte, conservará os poderes de policía necesarios para asegurar a boa marcha do servizo, ditando as correspondentes instrucións en materia de transformación e eliminación dos residuos animais, pero non participará na execución do contrato nin se prevé a realización de aportacións públicas á explotación da concesión, que polo tanto non supón ningún tipo de gasto e non afecta á estabilidade orzamentaria e a sustentabilidade financeira.

De conformidade co previsto no art. 285.2 da LCSP, nos contratos de concesión de servizos a tramitación do expediente irá precedida da realización e aprobación dun estudo de viabilidade dos mesmos ou no seu caso, dun estudo de viabilidade económico-financeira, que terán carácter vinculante nos supostos en que conclúan na inviabilidade do proxecto.

No estudio de viabilidade conclúese que a concesión do servizo público consistente na recollida, transporte e eliminación dos cadáveres de animais mortos nas explotacións gandeiras da Comunidade Autónoma de Galicia resulta viable dende un punto de vista técnico e operativo, como dende o punto de vista económico-financeiro.

Así mesmo, no dito Estudio identifícanse como custos críticos de carácter recorrente que deben quedar suxeitos a revisión de prezos para garantir a viabilidade económica da explotación os derivados do custe do persoal, enerxía, combustibles, mantemento de vehículos e instalacións e pneumáticos.

De conformidade co previsto no art. 103 da LCSP, a revisión de prezos predeterminada e periódica só resulta posible, ao marxe dos contratos de subministración de fabricación de armamento e equipamento das Administracións Públicas e de subministración de enerxía, naqueles outros contratos nos que o período de recuperación da inversión sexa igual ou superior a cinco anos. Segundo o Estudio de viabilidade, estímase un período de 10 anos como prazo necesario para a amortización das inversións necesarias para a explotación do servizo de recollida, transporte e eliminación dos cadáveres de animais mortos nas explotacións gandeiras da Comunidade Autónoma de Galicia.

O art. 103 da LCSP determina que, previa xustificación no expediente, a revisión de prezos só pode facerse no marco previsto no Regulamento da Lei 2/2015, do 30 de marzo, de desindexación da economía española.





A presente memoria redáctase co fin de dar cumprimento ao artigo 9 do Real Decreto 55/2017, do 3 de febreiro, polo que se desenvolve a Lei 2/2015, do 30 de marzo, de desindexación da economía española.

O citado artigo indica que nos contratos distintos aos de obra ou de subministración de armamento e equipamento das Administracións Públicas, por un prezo superior a cinco millóns de euros, logo de solicitar a cinco (5) operadores económicos do sector a remisión da súa estrutura de custos, o órgano de contratación elaborará unha proposta de estrutura de custos da actividade.

Para cumprir esta previsión normativa, desenvólvese a presente memoria xustificativa da revisión de prezos do contrato a partir dos resultados obtidos na análise financeira desenvolvida no Estudo de viabilidade e no referido trámite de solicitude a cinco operadores económicos, co seguinte contido:

- Xustificación da proposta de estrutura de custos.
- Xustificación da proposta de fórmula de revisión de prezos.

2.- XUSTIFICACIÓN DA PROPOSTA DE ESTRUCTURA DE CUSTOS.

O Real Decreto 55/2017, do 3 de febreiro, establece a necesidade de aprobación da estrutura de custos do contrato por parte do órgano de contratación, como paso previo á tramitación do sistema de revisión periódica e predeterminada das tarifas do contrato.

Os pasos para seguir na tramitación da aprobación da estrutura de custos relaciónanse no apartado 7 do artigo 9 do citado Real Decreto 55/2017:

"7. Para os contratos cun prezo igual ou superior a cinco millóns de euros, o órgano de contratación incluírá no expediente de contratación un informe preceptivo valorativo da estrutura de custos, emitido polo Comité Superior de Prezos de Contratos do Estado.

A tales efectos, o órgano de contratación deberá:

- a) Solicitar a cinco operadores económicos do sector a remisión da súa estrutura de custos.*
- b) Elaborar unha proposta de estrutura de custos da actividade. Para iso utilizará, sempre que sexa posible, a información das respostas que reciba dos operadores económicos mencionados na letra anterior.*
- c) Someter a súa proposta de estrutura de custos a un trámite de información pública por un prazo de 20 días. No caso de que se presenten alegacións no devandito trámite, o órgano de contratación deberá valorar a súa aceptación ou rexeitamento de forma motivada na memoria.*





(...)

d) Remitir a súa proposta de estrutura de custos ao Comité Superior de Prezos de Contratos do Estado.

O Comité Superior de Prezos de Contratos do Estado deberá evacuar o informe preceptivo nun prazo non superior a vinte días, contado desde o día seguinte á recepción da proposta de estrutura de custos mencionada na letra d) anterior. No caso de que o Comité considere que a información remitida non é suficiente ou requira algunha aclaración, poderá solicitar ao órgano propoñente información adicional. Este requirimento suspenderá o prazo de evacuación do informe en tanto non haxa resposta do órgano de contratación.

No caso das Comunidades Autónomas e das Entidades Locais, así como dos organismos e entidades delas dependentes, este informe poderá ser solicitado do órgano autonómico consultivo en materia de contratación pública, se existise. En caso contrario, deberá ser solicitado do Comité Superior de Prezos de Contratos do Estado.

En todo caso, o órgano de contratación deberá comunicar a efectos informativos ao Comité Superior de Prezos de Contratos do Estado e, no seu caso, ao órgano autonómico consultivo correspondente, a estrutura de custos incluída no prego."

En cumprimento do anterior, a Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias, órgano promotor deste expediente, solicitou o 18 de febreiro de 2026 a súa estrutura de custos a cinco (5) operadores económicos do sector da xestión de residuos e subprodutos animais de similares características aos do estudo. Os operadores foron os seguintes:

- SECANIM BIO INDUSTRIES, SA
- GESTORA DE SUBPRODUCTOS DE GALICIA, SL (GESUGA)
- REBISA RECICLAJE BIOLOGICO DE SUBPRODUCTOS AGROPECUARIOS, SA
- INDUSTRIAS SUESCUN, SA
- FERNANDO CORRAL E HIJOS, SL (denominación social actualizada: SERVCOR LOGISTICS, SL)

No seguinte cadro amósanse os valores correspondentes á estrutura de custos de explotación resultantes do Estudo de viabilidade referidos a todo o período concesional, tendo en conta, aparte dos custos de explotación, os custos totais de amortización, gastos financeiros e beneficio:





CONCEPTO	Importe período concesional (10 anos) ¹	% sobre valor da actividade
CUSTOS EXPLOTACIÓN		
<i>Persoal</i>	68.987,00 €	36,46%
<i>Loxística/Combustible</i>	50.380,00 €	26,62%
<i>Planta e Enerxía</i>	25.190,00 €	13,31%
<i>Gastos xerais e de estrutura</i>	10.401,00 €	5,50%
TOTAL CUSTOS EXPLOTACIÓN	154.958,00 €	
Amortización	16.000,00 €	8,46%
Gastos financeiros	2.598,00 €	1,37%
Beneficio	15.662,00 €	8,28%
TOTAL	189.218,00 €	100,00%
<i>(-) Imposto de Sociedades</i>	-3.916,00 €	
(=) RESULTADO NETO	11.746,00 €	

Solicitouse a 5 operadores económicos do sector a remisión da súa estrutura de custos cun maior nivel de detalle. Recibíronse dúas respostas, as presentadas por parte da empresa GESTORA DE SUBPRODUCTOS DE GALICIA, SL, e pola empresa SECANIM BIO INDUSTRIES, SA que remitiron as súas estruturas de custos co nivel de desagregación seguinte:

GESTORA DE SUBPRODUCTOS DE GALICIA, SL (GESUGA):

CÓD.	CONCEPTO DE COSTE	DESCRIPCIÓN / DETALLE (Opcional)	% DEL TOTAL (sin considerar beneficio)	% SOBRE EL VALOR DE LA ACTIVIDAD
A	COSTES OPERATIVOS DIRECTOS (OPEX)			
1	Costes directos de personal			19,54%
11	Personal de Recogida (Conductores, trabajadores)	<i>Incluye SS y costes sociales</i>	13,44%	12,22%
12	Personal de planta (procesamiento, mantenimiento)	<i>Incluye SS y costes sociales</i>	8,04%	7,32%
2	Costes de Logística y Transporte			24,56%
21	Combustible y líquidos (AdBlue)		14,69%	13,35%
22	Mantenimiento y reparaciones de flotas		7,49%	6,81%
23	Seguro de vehículos		2,02%	1,83%
24	Llantas		1,71%	1,56%
25	Tasas, impuestos sobre vehículos y peajes		1,12%	1,01%

¹ Importes agregados para todo o período concesional obtidos do Estudo de viabilidade tendo en conta o escenario medio por resultar o máis probable segundo o dito estudo. Importes expresados en miles de euros.





3	Costes de operación de la planta			21,09%
31	Energía (Luz, Gas, Diésel Industrial)		12,75%	11,59%
32	Agua y cánones		0,16%	0,15%
33	Consumibles y productos de laboratorio		1,66%	1,51%
34	Gestión propia de residuos		1,42%	1,29%
35	Mantenimiento de instalaciones y maquinaria		7,20%	6,55%
B	COSTES INDIRECTOS (ESTRUCTURA)			8,84%
4	Costes indirectos de personal			2,30%
41	Gerencia, administración, comercial	Incluye SS y costes sociales	2,53%	2,30%
5	Gastos generales			6,54%
51	Alquileres y cánones		0,64%	0,58%
52	Suministros de oficina (electricidad, agua, internet)		0,85%	0,78%
53	Seguros generales (responsabilidad civil, daños)		1,01%	0,92%
54	Servicios Exteriores e Impuestos (IBI, IAE)		4,69%	4,26%
C	AMORTIZACIÓN DE LA INVERSIÓN (CAPEX)			14,65%
6	Amortización de activos			14,65%
61	Amortización de flota de vehículos		7,02%	6,38%
62	Amortización de Planta y Maquinaria		7,99%	7,26%
63	Amortización de Edificios e Instalaciones		1,11%	1,01%
D	COSTES FINANCIEROS			2,23%
7	Gastos financieros	Intereses de préstamos	2,46%	2,23%
S	SUBTOTAL COSTES (A+B+C+D)		100,00 %	
E	BENEFICIO INDUSTRIAL			9,09%
8	Beneficio industrial estimado	(% del Subtotal S)	10,00%	9,09%

SECANIM BIO INDUSTRIES, SA:

CÓD.	CONCEPTO DE COSTE	DESCRIPCIÓN / DETALLE (Opcional)	% DEL TOTAL (sin considerar beneficio)	% SOBRE EL VALOR DE LA ACTIVIDAD
A	COSTES OPERATIVOS DIRECTOS (OPEX)			
1	Costes directos de personal			17,80%
11	Personal de Recogida (Conductores, trabajadores)	Incluye SS y costes sociales	12,61%	10,97%
12	Personal de planta (procesamiento, mantenimiento)	Incluye SS y costes sociales	7,86%	6,83%
2	Costes de Logística y Transporte			21,35%
21	Combustible y líquidos (AdBlue)		13,41%	11,66%





22	Mantenimiento y reparaciones de flotas		6,72%	5,84%
23	Seguro de vehículos		1,82%	1,58%
24	Llantas		1,52%	1,32%
25	Tasas, impuestos sobre vehículos y peajes		1,09%	0,95%
3	Costes de operación de la planta			24,14%
31	Energía (Luz, Gas, Diésel Industrial)		14,17%	12,32%
32	Agua y cánones		0,33%	0,28%
33	Consumibles y productos de laboratorio		1,55%	1,35%
34	Gestión propia de residuos		2,50%	2,18%
35	Mantenimiento de instalaciones y maquinaria		9,21%	8,01%
B	COSTES INDIRECTOS (ESTRUCTURA)			8,04%
4	Costes indirectos de personal			1,93%
41	Gerencia, administración, comercial	<i>Incluye SS y costes sociales</i>	2,22%	1,93%
5	Gastos generales			6,11%
51	Alquileres y cánones		0,48%	0,42%
52	Suministros de oficina (electricidad, agua, internet)		0,66%	0,58%
53	Seguros generales (responsabilidad civil, daños)		1,41%	1,22%
54	Servicios Exteriores e Impuestos (IBI, IAE)		4,47%	3,88%
C	AMORTIZACIÓN DE LA INVERSIÓN (CAPEX)			14,21%
6	Amortización de activos			14,21%
61	Amortización de flota de vehículos		7,44%	6,48%
62	Amortización de Planta y Maquinaria		7,86%	6,83%
63	Amortización de Edificios e Instalaciones		1,04%	0,90%
D	COSTES FINANCIEROS			1,42%
7	Gastos financieros	Intereses de préstamos	1,64%	1,42%
S	SUBTOTAL COSTES (A+B+C+D)		100,00 %	
E	BENEFICIO INDUSTRIAL			13,04%
8	Beneficio industrial estimado	(% del Subtotal S)	15,00 %	13,04%

Tendo en conta o anterior, a comparativa entre los custos aportados polos operadores económicos e os custos indicados no Estudo de viabilidade é a que se amosa na seguinte táboa:





	Custos Estudo Viabilidade	Custos GESUGA	Custos SECANIM
CONCEPTO	% sobre valor da actividade	% sobre valor da actividade	% sobre valor da actividade
CUSTOS EXPLOTACIÓN			
<i>Persoal</i>	36,46%	19,54%	17,80%
<i>Loxística/Combustible</i>	26,62%	24,56%	21,35%
<i>Planta e Enerxía</i>	13,31%	21,09%	24,14%
<i>Gastos xerais e de estrutura</i>	5,50%	8,84%	8,04%
TOTAL CUSTOS EXPLOTACIÓN	81,89%	74,03%	71,33%
Amortización	8,46%	14,65%	14,21%
Gastos financeiros	1,37%	2,23%	1,42%
Beneficio	8,28%	9,09%	13,04%
TOTAL	100,00%	100,00%	100,00%

Logo do trámite de consulta con cinco (5) operadores económicos do sector e tendo en conta a información resultante do dito trámite e a comparativa co Estudo de viabilidade, considérase preciso completar a estrutura de custos do dito estudo coa información proporcionada polas dúas empresas que presentaron os datos solicitados. Todo isto de conformidade co artigo 9 do Real Decreto 55/2017, do 3 de febreiro, que prevé que para a elaboración da proposta de estrutura de custos da actividade utilizárase, sempre que sexa posible, a información das respostas que reciba dos operadores económicos consultados.

As estruturas de custos presentadas polos dous operadores económicos proporcionan un elevado nivel de desagregación, que compre incorporar á presente proposta, o que permite identificar de forma máis precisa os compoñentes de custo recorrentes, indispensables e non sometidos ao control do operador económico, en liña co disposto no Real Decreto 55/2017, do 3 de febreiro.

Do exame da estrutura de custos presentados polas dúas empresas dedúcese uns gastos cunhas porcentaxes bastante parellas sendo o total de custos de explotación do 74,03% no caso de GESUGA e dun 71,33% no caso de SECANIM.

Con todo, a estrutura de custos de GESUGA emprega datos reais procedentes da explotación do servizo, e sitúa os custos de explotación, en termos proporcionais sobre o valor total da actividade, nunha posición intermedia entre os custos de explotación do estudo de viabilidade e os do outro operador económico, polo que constitúe unha referencia prudente e válida para a elaboración da presente proposta.

A empresa GESUGA é a actual concesionaria do servizo de recollida, transporte e eliminación dos cadáveres de animais mortos nas explotacións gandeiras da Comunidade Autónoma de Galicia, e ven desenvolvendo o mesmo nos últimos 11 anos, cun esquema de transferencia do risco operacional coincidente co previsto para a nova licitación.





Asemade, a empresa xestionou o servizo de conformidade co previsto nos pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas que rexían a concesión, non lle foron impostas penalidades con motivo da execución e acadou os niveis previstos para a prestación do servizo, que desenvolveu coa continuidade operativa axeitada. Tales elementos permiten tomala, a estes exclusivos efectos, como referencia válida dunha empresa eficientemente xestionada e axustada ás mellores prácticas do sector.

Estas circunstancias resultan determinantes xa que permiten elaborar unha estrutura de custos máis precisa e axustada á realidade económica da explotación do servizo.

Por todo isto considerase que a estrutura de custos que debe servir de base para a nova concesión do servizo é a presentada pola empresa GESTORA DE SUBPRODUCTOS DE GALICIA, SL (GESUGA).

Para a concreción e proposta da estrutura de custos que poden ser obxecto de revisión téñense en conta tamén os requisitos e criterios establecidos polo Real Decreto 55/2017, do 3 de febreiro:

- A estrutura de custos concreta calcúlase de xeito ponderado a partir da repercusión dos custos sobre o valor da actividade, entendida esta como o volume de ingresos esperado do contrato (art. 3).

A estes efectos, tense en conta o indicado na Exposición de Motivos do Real Decreto 55/2017, do 3 de febreiro, segundo a cal *“o valor íntegro da actividade inclúe non só a retribución dos bens intermedios, factores produtivos e capitais alleos, senón tamén a correspondente aos capitais propios, isto é, o beneficio. No ámbito da contratación pública o valor íntegro da actividade será o prezo do contrato, por ser toda a remuneración a percibir polo contratista.”*

- Deben ser custos indispensables e directamente asociados para a realización da actividade, entendendo como indispensables aqueles custos dos que non sexa posible prescindir sen afectar negativamente ao correcto desenvolvemento da actividade ou ao pleno cumprimento das obrigacións asumidas (art. 3).

- En virtude do principio de eficiencia e boa xestión empresarial, tómase como referencia a estrutura de custos dunha empresa que na actualidade está a desenvolver o servizo de forma axeitada e co nivel de calidade esixido no contrato vixente (art. 4).

- As variacións dos custos non están sometidas ao control do operador económico (art. 4).

- A man de obra pódese incluír como custo, sempre que sexa significativo, e coa limitación de que o incremento non poderá ser superior ao incremento experimentado pola retribución do persoal ao servizo do sector público, conforme as Leis de Orzamentos Xerais do Estado (art. 5).

- Debe xustificarse o carácter recorrente da variación dos distintos compoñentes de custos a considerar na fórmula de revisión de prezos (art. 9).

- Deben ser custos significativos, entendendo como talles os que superen o 1% do valor íntegro da actividade (art. 7).

- Non se inclúen como revisables os custos financeiros, amortizacións, gastos xerais ou de estrutura, nin beneficio industrial (art. 7).





A estes efectos, débese indicar tamén que non resulta posible unha desagregación adicional dos custos revisables sen introducir hipóteses artificiais ou carentes de soporte suficiente na información económica e operativa dispoñible. Por tal motivo, os compoñentes de custo que se someten a revisión son os que poden identificarse con fiabilidade na estrutura de explotación do servizo, e os índices seleccionados refírense a eses compoñentes agregados, e non a subcategorías teóricas non individualizables ex ante.

Tendo en conta estes criterios, do análise da estrutura de custos obsérvase o seguinte:

CONCEPTO DE COSTE	Costes revisables s/RD 55/2017	OBSERVACIONES	% SOBRE EL VALOR DE LA ACTIVIDAD
COSTES OPERATIVOS DIRECTOS (OPEX)			
Costes directos de personal de recogida y planta	SI	Cumple criterios	19,54%
Combustible flota ⁽²⁾	SI	Cumple criterios	12,73%
Líquidos flota (Adblue) ⁽²⁾	NO	No significativo < 1%	0,62%
Energía planta (Luz, Gas, Diésel Industrial)	SI	Cumple criterios	11,59%
Mantenimiento y reparaciones flotas	SI	Cumple criterios	6,81%
Llantas- neumáticos	SI	Cumple criterios	1,56%
Seguro de vehículos	NO	No cumple criterios art. 7 y 9 (inexistencia de índice de precios específico, no recurrencia)	1,83%
Tasas, impuestos sobre vehículos y peajes	NO	No cumple criterio art. 7.5	1,01%
Agua y cánones	NO	No significativo < 1%	0,15%
Consumibles y productos de laboratorio	NO	No cumple criterios art. 7 (inexistencia de índice de precios específico)	1,51%
Gestión propia de residuos	NO	No cumple criterio art. 4.3	1,29%
Mantenimiento de instalaciones y maquinaria	SI	Cumple criterios	6,55%
COSTES INDIRECTOS (ESTRUCTURA)	NO	Excluidos	8,84%
Costes indirectos de personal			2,30%
Gerencia, administración, comercial			2,30%
Gastos generales			6,54%
Alquileres y cánones			0,58%
Suministros de oficina (electricidad, agua, internet)			0,78%
Seguros generales (responsabilidad civil, daños)			0,92%

² O concepto de custo de "combustible e líquidos (Adblue)" da frota de vehículos desglósase separando o compoñente de custo de urea (Adblue), considerando que representa un máximo dun 4,66% respecto do dito custo total, segundo os datos publicados en xaneiro de 2026 polo Observatorio de Custos do Transporte de Mercadorías por Estrada do Ministerio de Transportes y Movilidad Sostenible, para un vehículo de 3 eixos de transporte de animais cunha carga útil de 16.000 kg.: https://cdn.transportes.gob.es/portal-web-transportes/transporte-terrestre/actividades-servicios/observatorios-costes-transporte-mercancias/2026/Observatorio%20Costes%20Mercanc%C3%ADas_2026-01%20Enero.pdf





Servicios Exteriores e Impuestos (IBI, IAE)			4,26%
AMORTIZACIÓN DE LA INVERSIÓN (CAPEX)	NO	Excluidos	14,65%
COSTES FINANCIEROS	NO	Excluidos	2,23%
BENEFICIO INDUSTRIAL	NO	Excluidos	9,09%

O Estudo de viabilidade identifica especialmente como custos críticos os derivados da enerxía e dos combustibles, a man de obra directa, o mantemento e reparación da frota, os neumáticos e o mantemento de instalacións e maquinaria. A inclusión destes compoñentes responde, polo tanto, non só á súa entidade económica, senón tamén á súa incidencia directa e continuada na viabilidade da explotación concesional. Estes custos conforme á estrutura de explotación acreditada, presentan carácter significativo, recorrente, indispensable para a correcta prestación do servizo e alleo ao control do operador económico.

En consecuencia, propónse a seguinte estrutura de custos para a concesión do servizo de recollida, transporte e eliminación dos cadáveres de animais mortos nas explotacións gandeiras da Comunidade Autónoma de Galicia:

CONCEPTO DE COSTE	% SOBRE EL VALOR DE LA ACTIVIDAD
COSTES REVISABLES	58,78%
Costes directos de personal de recogida y planta	19,54%
Combustible flota	12,73%
Energía planta (Luz, gas y diésel industrial)	11,59%
Mantenimiento y reparaciones flotas	6,81%
Llantas- neumáticos	1,56%
Mantenimiento de instalaciones y maquinaria	6,55%
COSTES NO REVISABLES	41,22%





3.- XUSTIFICACIÓN DA PROPOSTA DE FÓRMULA DE REVISIÓN DE PREZOS.

O Real Decreto 55/2017, do 3 de febreiro, polo que se desenvolve a Lei 2/2015, do 30 de marzo, de desindexación da economía española, establece no seu artigo 9 en canto á revisión periódica e predeterminada dos prezos dos contratos do sector público distintos aos contratos de obras e de subministración de fabricación de armamento e equipamento das Administracións Públicas:

"2. Procederá a revisión periódica e predeterminada dos devanditos prezos, transcorridos dous anos desde a formalización do contrato e executado polo menos o 20 por cento do seu importe, cando concorran acumulativamente as seguintes circunstancias:

a) Que o período de recuperación do investimento do contrato sexa igual ou superior a cinco anos, xustificado conforme o criterio establecido no artigo 10.

b) Que así estea previsto nos pregos, que deberán detallar a fórmula de revisión aplicable."

Porén, con posterioridade á aprobación do Real Decreto 55/2017, o artigo 103.5 da LCSP foi modificado pola Lei 11/2023, do 8 de maio, establecendo unha flexibilización do réxime de revisión nestes termos:

"5. Excepto nos contratos de subministración de enerxía, cando proceda, a revisión periódica e predeterminada de prezos nos contratos do sector público terá lugar nos termos establecidos neste capítulo, cando o contrato se tivese executado, polo menos, no 20 por cento do seu importe e transcorrese un ano desde a súa formalización. En consecuencia, o primeiro 20 por cento executado e o importe executado no primeiro ano transcorrido desde a formalización quedarán excluídos da revisión.

Porén, a condición relativa á porcentaxe de execución do contrato non será esixible a efectos de proceder á revisión periódica e predeterminada nos contratos de concesión de servizos."

Deste xeito, para o contrato de concesión de servizos queda só excluído da revisión, conforme á LCSP, o importe executado no primeiro ano transcorrido dende a formalización, sen que resulte aplicable o límite mínimo do 20% do importe executado.

A fórmula de revisión de prezos debe estar detallada no prego de cláusulas administrativas particulares, segundo prevé o art. 103.4 LCSP. Esta fórmula será invariable durante a vixencia do contrato e determinará a revisión de prezos en cada data respecto á data de formalización do contrato, sempre que a formalización se produza no prazo de tres meses desde a finalización do prazo de presentación de ofertas, ou respecto á data en que termine devandito prazo de tres meses se a formalización se produce con posterioridade.

Para a aplicación da fórmula, os pregos deben especificar os prezos individuais ou índices de prezos específicos asociados a cada compoñente de custo susceptible de revisión, coa maior desagregación posible, e tamén nesa medida non deben incorporar elementos alleos ao custo e preferiblemente





tampouco deben reflectir o efecto das variacións impositivas. Os índices empregados, ademais, deben estar dispoñibles ao público e non ser modificables unilateralmente polo operador económico (arts. 7.4 e 9.4 do Real Decreto 55/2017, do 3 de febreiro).

Compre sinalar, ademais, que a proposta de revisión de prezos fórmase a partir da estrutura de custos real e efectivamente identificable do servizo, coa desagregación técnica e económica dos seus compoñentes que consta no apartado anterior. En consecuencia, a selección dos índices de revisión debe efectuarse respecto dos conceptos de custo tal e como aparecen definidos na estrutura proposta.

En cada caso tómasse o índice oficial público máis específico dispoñible que mellor reflecta a evolución do correspondente compoñente de custo, cumprindo así os requisitos de publicidade, obxectividade, indispoñibilidade para o operador económico e adecuación ao compoñente revisable.

Tendo en conta os anteriores requisitos e a estrutura de custos revisables indicada no apartado precedente, propónse a utilización dos seguintes índices para a revisión de prezos da concesión do servizo:

Para a actualización do compoñente de **custo correspondente ao persoal** adscrito á prestación do servizo, utilizarase o custo laboral por hora efectiva de traballo da Enquisa Trimestral de Custo Laboral (ETCL) para a división 38 da CNAE-09 ("Recollida, tratamento e eliminación de residuos; valorización") publicada polo INE, que mide a evolución do custo laboral medio por hora efectiva de traballo en España.

O incremento repercutible do custo laboral non poderá ser superior ao incremento experimentado pola retribución do persoal ao servizo do sector público, conforme as Leis de Orzamentos Xerais do Estado (art. 5 do Real Decreto 55/2017).

Para a actualización do compoñente de custo correspondente aos **carburantes e combustibles** da frota utilizados na prestación do servizo, empregarase o índice do Instituto Nacional de Estatística (INE) denominado "Carburantes e combustibles", incluído dentro dos Índices Nacionais de Grupos Especiais do Índice de Prezos de Consumo (IPC), que constitúe o indicador oficial que reflecte a evolución do prezo dos carburantes e combustibles en España.

Para a actualización do compoñente de custo correspondente á **enerxía consumida na planta** de tratamento de residuos (electricidade, gas e gasóleo industrial), empregarase o índice do Instituto Nacional de Estatística (INE) denominado "Produtos enerxéticos", incluído dentro dos Índices Nacionais de Grupos Especiais do Índice de Prezos de Consumo (IPC), que reflecte a evolución do prezo destes produtos en España.





Para a actualización do compoñente de custo correspondente ao **mantemento e reparación dos vehículos** adscritos á prestación do servizo, empregárase o índice nacional do Instituto Nacional de Estatística (INE) correspondente á subclase ECOICOP (ver. 2) 07.2.3.0 "Mantemento e reparación de vehículos persoais", incluído dentro do grupo 07 "Transporte" e do subgrupo 07.2 "Utilización de vehículos persoais" do Índice de Prezos de Consumo (IPC), por ser o índice oficial público máis específico dispoñible que reflicte de forma agregada a evolución deste tipo de custos.

Para a actualización do compoñente de custo correspondente aos **neumáticos e llantas** dos vehículos adscritos á prestación do servizo, empregárase o índice nacional do Instituto Nacional de Estatística (INE) correspondente á subclase ECOICOP (ver. 2) 07.2.1.1 "Neumáticos", incluído dentro do grupo 07 "Transporte" e do subgrupo 07.2 "Utilización de vehículos persoais" do Índice de Prezos de Consumo (IPC), por ser o índice oficial público máis específico dispoñible para este compoñente de custo tal e como aparece configurado na estrutura de custos proposta.

Para a actualización do compoñente de custo correspondente ao **mantemento das instalacións e maquinaria** adscritas á prestación do servizo, empregárase o Índice de Prezos Industriais (IPRI) do Instituto Nacional de Estatística (INE) por Comunidade Autónoma correspondente a Galicia e á división 33 da CNAE-09 "Reparación e instalación de maquinaria e equipo", que constitúe o indicador oficial que reflicte a evolución do prezo dos servizos industriais de mantemento, instalación e reparación de maquinaria e equipo.

Estes índices constitúen os indicadores oficiais que reflicten a evolución do prezo dos distintos conceptos de custo revisables anteriormente indicados, e cumpren os requisitos establecidos no artigo 7.4 do Real Decreto 55/2017, ao tratarse de índices públicos, obxectivos, non estar sometidos ao control do operador económico, e ser específicos do compoñente de custo considerado.

En función dos conceptos revisables incluídos na estrutura de custos, e de conformidade co artigo 103 da LCSP, coa Lei 2/2015, do 30 de marzo, de desindexación da economía española, e cos artigos 3, 5, 7 e 9 do Real Decreto 55/2017, establécese a seguinte fórmula de revisión periódica e predeterminada de prezos para o contrato de concesión do servizo:

$$K_t = 0,4122 + 0,1954 \cdot L_t + 0,1273 \cdot (C_t / C_0) + 0,1159 \cdot (E_t / E_0) + 0,0681 \cdot (MF_t / MF_0) + 0,0156 \cdot (N_t / N_0) + 0,0655 \cdot (MI_t / MI_0)$$

Sendo:

– K_t : coeficiente teórico de revisión aplicable no momento de actualización t , que se aplicará a animais bovinos e do resto de especies do xeito seguinte:

Animais bovinos: Prezo inicial do contrato * K_t

Animais do resto de especies: Prezo inicial do contrato * K_t





– L_t : factor de actualización do custo laboral, calculado como o menor entre o cociente CL_t / CL_0 e o valor $1 + \Delta EP_t$, conforme á expresión seguinte:

$$L_t = \min (CL_t / CL_0, 1 + \Delta EP_t)$$

- CL_t : custo laboral por hora efectiva de traballo da Enquisa Trimestral de Custo Laboral (ETCL) para a división 38 da CNAE-09 ("Recollida, tratamento e eliminación de residuos; valorización") publicada polo INE, tomando a media do custo correspondente aos catro últimos trimeses publicados anteriores ao momento da actualización.
- CL_0 : valor do mesmo dato estatístico da ETCL no período base.
- ΔEP_t : incremento máximo repercutible dos custos de man de obra conforme ás Leis de Orzamentos Xerais do Estado para o persoal ao servizo do sector público, acumulado desde o período base.
- C_t : índice nacional do grupo especial "Carburantes e combustibles" do IPC publicado polo INE, tomando a media do índice correspondente aos 12 meses anteriores ao momento da actualización.
- C_0 : valor do mesmo índice no período base.
- E_t : índice nacional do grupo especial "Produtos enerxéticos" do IPC publicado polo INE, tomando a media do índice correspondente aos 12 meses anteriores ao momento da actualización.
- E_0 : valor dese mesmo índice no período base.
- MF_t : índice nacional correspondente á subclase ECOICOP (ver. 2) 07.2.3.0 "Mantemento e reparación de vehículos persoais", do Índice de Prezos de Consumo (IPC) publicado polo INE, tomando a media do índice correspondente aos 12 meses anteriores ao momento da actualización.
- MF_0 : valor dese mesmo índice no período base.
- N_t : índice nacional correspondente á subclase ECOICOP (ver. 2) 07.2.1.1 "Neumáticos", do Índice de Prezos de Consumo (IPC) publicado polo INE, tomando a media do índice correspondente aos 12 meses anteriores ao momento da actualización.
- N_0 : valor dese mesmo índice no período base.
- MI_t : índice do IPRI (Índice de Prezos Industriais) do INE por Comunidade Autónoma correspondente a Galicia e á división 33 da CNAE-09 "Reparación e instalación de maquinaria e equipo", tomando a media do índice correspondente aos 12 meses anteriores ao momento da actualización.
- MI_0 : valor dese mesmo índice no período base.

O período base será a data da formalización do contrato, sempre que esta se produza dentro dos tres meses seguintes á finalización do prazo de presentación de ofertas; de producirse con posterioridade, tomarase como referencia a data en que remate ese prazo de tres meses.

A utilización de medias para os valores t (L_t , C_t , E_t , MF_t , N_t e MI_t) xustifícase, sen alterar o carácter predeterminado nin a invariabilidade da fórmula de revisión, porque permite reducir a volatilidade, evitar a traslación inmediata ás tarifas de variacións conxunturais particularmente intensas, e





estabilizar a evolución tarifaria e o seu impacto nun servizo público esencial para un sector especialmente sensible como o gandeiro.

Ao mesmo tempo, mantense a aptitude da fórmula para reflectir a evolución tendencial dos custos revisables.

A aplicación dun único coeficiente Kt ás tarifas correspondentes a animais bovinos e ao resto de especies xustifícase en que a revisión proposta recae sobre compoñentes xerais e comúns da estrutura de custos da concesión —persoal directo, combustible, enerxía, mantemento da frota, neumáticos e mantemento de instalacións e maquinaria—, sen que as diferenzas tarifarias entre especies alteren a natureza común da estrutura revisable nin a súa participación relativa no equilibrio económico global da explotación.

A revisión aplicarase unha vez transcorrido un ano desde a formalización do contrato, sen que sexa esixible, por tratarse dunha concesión de servizos, o cumprimento da condición relativa á execución do 20 por cento do importe do contrato.

De conformidade co art. 9.5 do Real Decreto 55/2017, do 3 de febreiro, a revisión non poderá ter lugar unha vez transcorrido o período de recuperación da inversión do contrato, que o estudo de viabilidade fixa en 10 anos.

Os índices empregados serán os oficiais publicados polo INE, na súa serie vixente en cada momento. As referencias a bases estatísticas anteriores entenderanse automaticamente substituídas pola base oficial que se atope vixente no momento da revisión.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

O Director xeral de Gandería, Agricultura e Industrias Agroalimentarias

Silvestre José Balseiros Guinarte

